

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ e DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeno García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 8 de agosto de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para demolición de edificación destinada a garaxe, sita no núcleo rural tradicional de Bagueixos-Grisín-Cardelle, parroquia de San Xoán de Tirimol; para execución de anexo a vivenda unifamiliar, construída coa licenza de obras número 1035/06, para garaxe, rochos e instalacións, no núcleo rural tradicional de Bagueixos-Grisín-Cardelle, parroquia de San Xoán de Tirimol; para construción de silo forraxeiro e muro de contención en San Román - Santa Cristina; para ampliación de tres sotos á rúa Jacinto Calvo para ampliación de local de planta baixa e entresollado á rúa San Roque, no edificio coa licenza número 422/88, con acceso a garaxes dende o bloque 2, da unidade de actuación CS-7, construído coa licenza de obras 474/11, na edificación sita na rúa San Roque, números 66-70; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa río Navía, número 27; para instalación de ascensor no edificio sito no carril das Encrucilladas, número 6; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Ruiz de Alda, número 5; e para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Ruiz de Alda, número 3.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010 a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Montirón, número 47.

2. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase o encargo de intervención (encomenda de xestión) de Evislusa na tramitación das subvencións para a emisión do informe ITE para o ano 2012.

ACTAS E GOBERNO

JACA/mbfc

Refª: 12extractoxg33.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2012

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a rectificación do erro producido nas bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de celador/a de colexio público pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Aprobar o proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto, a adxudicación por procedemento negociado, e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación das obras de iluminación pública na ronda da Muralla entre a rúa Vilalba e a praza da Constitución.

- Ratificación da interposición de recurso de Alzada ante o titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, contra a resolución ditada polo Xefe Territorial de Lugo, desa Consellería, co visto e praxe do Director Xeral de Patrimonio Cultural, do 29 de xuño de 2012, notificado a este Concello con data 6 de xullo de 2012, polo que se denega a autorización ao "Proxecto de construción da edificación da primeira fase na Unidade de Actuación Centro Sur número 5" do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo.

Lugo, 16 de agosto de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García